

## **RESOLUCIÓN DO 7 DE MAIO DO 2019, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2019/10, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DO CONCURSO DE MÉRITOS.**

En sesión que tivo lugar o 7 de maio do 2019, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista provisional coas puntuacións do concurso de méritos dos candidatos/as, de conformidade co disposto no artigo 7 das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2019/10.

**Segundo.-** Facer pública a lista provisional coas puntuacións do concurso de méritos dos/as candidatos/as, que figura no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

**Terceiro.-** De conformidade co disposto no artigo 7 das bases que rexen o proceso, os/as candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para presentar as pertinentes reclamacións perante a Comisión de Selección, preferentemente na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de emendas. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo emendas.


O prazo remata o vindeiro xoves 9 de maio, inclusive.

**Cuarto.-** A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da resolución da correspondente lista definitiva coas puntuacións do concurso de méritos.

**Quinto.-** De conformidade co disposto no artigo 7.2. das bases da convocatoria, pasarán á fase de entrevista os candidatos/as que acaden una puntuación igual ou inferior en dous puntos con respecto ao candidato/a que obteña a maior puntuación. En caso de que ningún outro/a aspirante se atope nesta circunstancia, e para garantir o cumprimento do principio de concorrencia, establécese que en todo caso serán convocados á entrevista un mínimo de 20 candidatos/as. A data e a hora das entrevistas publicaranse xunto coa lista definitiva coas puntuacións do concurso de méritos.

San Cibrao das Viñas, 7 de maio do 2019.

O Presidente da Comisión de Selección



Asdo.: Lucio García Calvo.

## ANEXO I

APELIDOS	NOME	Puntuacións provisionais do concurso de méritos
AGREGÁN PÉREZ	RUBÉN	3,40
ALONSO GONZÁLEZ	ELISA	15,75
ASENSIO CAMPAZAS	ALBERTO CARLOS	10,10
ATANES ATANES	NOEMÍ	2,73
BARRIO CARBALLO	JOSÉ CARLOS	13,84
BERMÚDEZ COUSO	ALIPIO	6,56
CITTADINI	AURORA	7,05
COBAS GARCÍA	NOEMÍ	14,25
CRISTOBO LUACES	IVÁN JESÚS	9,20
DACOSTA GARCÍA	IRIA	2,40
DAVID DOMÍNGUEZ	VIANA	2,82
ENRÍQUEZ ARIAS	LUCÍA	1,12
GÓMEZ LIMIA	LUCÍA	5,82
GONZÁLEZ IGLESIAS	BEATRIZ	0,95
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	ANTÍA	2,11
GULLÓN ESTÉVEZ	PATRICIA	14,15
GULLÓN ESTÉVEZ	BEATRIZ	14,25
MATO MONTERO	ARIADNA	2,60
MÉNDEZ CID	FRANCISCO JOSÉ	1,60
PEÑA RODRÍGUEZ	SUSANA	7,50
PÉREZ GARCÍA	ÁNXELA	0,61

APELIDOS	NOME	Puntuacións provisionais do concurso de méritos
RIVAS SIOTA	SANDRA	15,14
RODRÍGUEZ BERMÚDEZ	RUTH	12,56
RODRÍGUEZ CID	BEATRIZ	4,80
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	MIRIAM	4,09
RODRÍGUEZ SALGADO	ISABEL	5,45
SERRANO COBO	MARÍA DEL MAR	2,75
VÁZQUEZ BLANCO	MÓNICA	1,83
VÁZQUEZ REINOSO	MARÍA	2,45
VÁZQUEZ SANDE	LUIS	15,78